



Vigo na Antigüidade

De Vila a Cidade  
{séculos XIII-XIX}

Vigo entre dous séculos  
{séculos XIX-XX}

Vigo hoxe

## **INTRODUCCIÓN XERAL**

### **GUÍA 1: VIGO NA ANTIGÜIDADE**

- \_ INTRODUCCIÓN
- \_ AS MÁMOAS
- \_ PETROGLIFOS
- \_ A VIVENDA CASTREXA
- \_ A VIVENDA ROMANA
- \_ VIGO. CIDADE ROMANA
- \_ AS VILLAE ROMANAS. UNIDADES DE PRODUCCIÓN
- \_ URBANISMO: AS VÍAS ROMANAS. AS CIDADES
- \_ ADIANTOS DA ROMANIZACIÓN
- \_ Fichas de traballo

### **GUÍA 2: DE VILA A CIDADE (sec. XIII-XIX)**

- \_ INTRODUCCIÓN
- \_ ARQUITECTURA RELIXIOSA
- \_ ENXEÑERÍA
- \_ TIPOLOXÍAS DE VIVENDA
  - A casa mariñeira da Ribeira do Berbés
  - A casa nobre urbana
  - O pazo
  - As vivendas do Barrio do Areal
- \_ A DEMOLICIÓN DAS MURALLAS, FIN DUNHA ÉPOCA
- \_ Fichas de traballo

### **GUÍA 3: VIGO ENTRE DOUS SÉCULOS (XIX-XX)**

- \_ INTRODUCCIÓN
- \_ URZÁIZ, POLICARPO SANZ E COLÓN. Un catálogo de arquitectura
- \_ PLANIFICACIÓN DO CRECEMENTO
- \_ O ENSANCHE DE NOVA POBOACIÓN
- \_ ECLECTICISMO
- \_ MODERNISMO
- \_ REXIONALISMO
- \_ RACIONALISMO
- \_ ARQUITECTURA INDUSTRIAL. A panificadora
- \_ Fichas de traballo

### **GUÍA 4: VIGO HOXE**

- \_ INTRODUCCIÓN
- \_ O MOVEMENTO MODERNO
- \_ OFICINAS, UN LABORATORIO DE NOVAS FORMAS
- \_ OS NOVOS MUSEOS DE VIGO
- \_ ARQUITECTURA PARA O SÉCULO XXI: A CIDADE UNIVERSITARIA
- \_ INTERVENCIÓNS NO LITORAL
- \_ Fichas de traballo

### **BIBLIOGRAFÍA**

## **INTRODUCCIÓN XERAL**

A serie de cadernos didácticos para escolares sobre historia da arquitectura de Vigo preséntase como material de apoio para dar a coñecer a evolución da cidade dende o seu nacemento.

Os materiais están ideados a partir de catro guías para o traballo nas clases con fichas didácticas para o alumno e o profesor, material gráfico e percorridos para facer a pé.

A evolución que sofre Vigo dende o núcleo primitivo ata a actualidade pode explicarse con claridade a través das transformacións arquitectónicas e urbanísticas.

Esta guía contén textos que o profesorado adaptará ás capacidades dos rapaces xa que o papel do mestre/a será o de fonte de información e o organizador da actividade; as fichas de traballo son exemplos cos que o alumnado pode traballar o cal non quita que o profesorado poida idear outras a partir dos contidos.

## **OBXECTIVOS**

- \_ Dar a coñecer a historia da arquitectura e o urbanismo da cidade de Vigo a través dos diferentes períodos propostos nas guías didácticas.
- \_ Coñecer a evolución da cidade de Vigo dende o punto de vista histórico e arquitectónico.

- \_ Comprender as diferentes construcións a través das reconstrucións gráficas.
- \_ Analizar a nosa cidade con axuda de materiais informativos, audiovisuais e gráficos.
- \_ Difundir a historia da cidade de Vigo dun xeito ameno e didáctico.
- \_ Coñecer as transformacións dos modos de vida nunha vila a través da historia.
- \_ Analizar a evolución da nosa cidade con axuda de materiais informativos e gráficos.
- \_ Valorar e respectar o patrimonio histórico e artístico de Vigo.

## **CONTIDOS**

### **Conceptuais**

- \_ A historia da arquitectura e o urbanismo de Vigo.
- \_ O nacemento dunha vila.
- \_ Distintas tipoloxías construtivas.
- \_ Edificios de interese arquitectónico.
- \_ Características dos distintos estilos arquitectónicos.
- \_ A importancia da conservación do patrimonio.

### **Procedimentais**

- \_ Identificar e distinguir elementos característicos dunha cidade.
- \_ Recoñecer características das distintas etapas de

## **construíndo unha cidade**

### Introdución xeral

Vigo a partir do legado patrimonial.

- \_ Percorrer unha rúa observando diferentes edificios para distinguir os usos a partir da súa configuración.
- \_ Establecer distintas comparacións entre os diferentes estilos arquitectónicos.

### **Actitudinais**

- \_ Interese e curiosidade por identificar e coñecer os elementos máis característicos da paisaxe urbana.
- \_ Respecto polo patrimonio cultural e natural da cidade e interese polo seu mantemento e recuperación.

## **DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES E PLAN DE TRABALLO**

O esquema de partida destes materiais é a análise da nosa cidade seguindo unha orde cronolóxica. Á vez, coa axuda dos materiais poderase facer un percorrido pola morfoloxía deste núcleo poboacional dende a súa fundación como poboado castrexo ata os nosos días.

As reconstrucións gráficas son o xeito máis práctico de adquirir coñecementos sobre épocas pasadas xa que partindo da información material e documental que se conserva pódense ver os estados anteriores dos lugares máis salientables con gran precisión.

A estrutura das guías axústase ao seguinte esquema:

- \_ Vigo na antigüidade.
- \_ De vila a cidade (séc. XIII-XIX).
- \_ Vigo entre dous séculos (XIX-XX).
- \_ Vigo hoxe.

## **A QUEN VAI DIRIXIDO**

Materiais adaptables para:

- \_ Terceiro ciclo de Educación Primaria
- \_ Educación Secundaria
- \_ Bacharelato

## **RECURSOS E MATERIAIS**

As unidades didácticas constarán de:

- \_ Caderno do profesor.
- \_ Fichas de traballo para o alumno.
- \_ Planos, reconstrucións e fotografías de cada época.
- \_ Percorridos para facer a pé.

## **ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE E AVALIACIÓN**

Presentamos por unha banda unha avaliación da aprendizaxe onde o profesorado pode empregar como instrumento para valorar a aprendizaxe do alumno as fichas didácticas e as actividades realizadas fóra da aula.


Por outro lado unha avaliación do método didáctico onde o profesorado recolla información sobre a adaptación dos obxectivos propostos co desenvolvemento do programa.

Avaliación inicial: farase unha avaliación antes de dar comezo á actividade para axear os contidos ás necesidades reais; é necesario que os mestres dean a coñecer o punto de partida do alumnado, incidindo no perfil instrutivo, intereses, opinións...

Avaliación en proceso: esta levarase a cabo durante o desenvolvemento da actividade de xeito continuado no tempo que dure a programación, mediante traballos realizados na clase e fóra dela.

Avaliación global: na que se comprobará o grao de aproveitamento e o nivel acadado polos mestres e estudantes, así como o grao de eficacia dos elementos educativos postos en xogo.





Vigo na Antigüidade

## INTRODUCCIÓN

O termo municipal de Vigo leva poboado dende hai moitísimos anos, como o atestiguan o achadego nos últimos dous séculos de diferentes vestixios arqueolóxicos que fan referencia a culturas que se remontan a un período da prehistoria coñecido como Paleolítico.

Neste período, hai máis de 100.000 anos antes de nós, nas terras inmediatas á nosa cidade, temos evidencias arqueolóxicas da primeira presenza humana. Eran pequenos grupos que percorrían o territorio vivindo dos seus recursos naturais: caza, pesca e recolección de froitos. A localización de varios instrumentos de pedra tallada en distintos puntos da comarca de Vigo, e realizados fundamentalmente sobre cantos rodados de cuarzo e cuarcita (bifaces, fendedores, cantos tallados monofacialmente, triedros, ...) fálanos desa temperá presenza humana neste territorio.

Durante o Epipaleolítico (10.000-4.000 a.C) esas comunidades que habitaban esta zona litoral especializáronse na recolección e sobre todo no marisqueo, na pesca e na recollida de algas, utilizando unha serie de útiles, como pesos de pesca e picos empregados no marisqueo para a recollida de lámparos, mexillóns, percebes, caramuxos e


ourizos. Ambos utensilios evidencian unha grande actividade de aproveitamento deses recursos mariños que lle ofrecía o litoral, para así completar a proteína de orixe animal na súa dieta.

Xa no periodo Neolítico (4.000-2.200 a.C), pouco a pouco os nosos antergos pasaron a desenvolver unha economía produtora de alimentos, baseada principalmente na domesticación de prantas (trigo e cebada fundamentalmente) e animais (vacas, cabras e ovellas), e na recollida de froitos de árbores, complementada coa caza e co aproveitamento dos recursos mariños. A consecuencia desta actividade foi un lento pero continuo proceso de sedentarización sobre o territorio destas comunidades, no preciso momento no que se experimenta un beneficioso cambio climático. Aparece a cerámica, as primeiras formas de habitación e os primeiros monumentos funerarios.

É neste período cando se erguen as primeiras construcións: aldeas diseminadas polos montes e ribeiras do Vigo actual, compostas por pequenas casoupas rudimentarias e perecedoiras feitas con materiais pobres (madeira, arxila, palla e varas) de aí que non se conserven restos das mesmas.

## AS MÁMOAS


Sen embargo si nos quedan restos dunhas construcións típicas desta etapa da prehistoria: os monumentos megalíticos.



túmulo con cámara funeraria

Coñecidos como mámoas, son enterramentos con cámaras funerarias con ou sen corredor, formadas por grandes pedras verticais chantadas na terra ou tapadas cunha laxe a xeito de cuberta que reciben o nome de dolmen.

(plano situación das mámoas de Candeán: María Sieiro)



Estas construcións eran case sempre sepulcros colectivos dun grupo ou unha familia que se cubrían con terra e pedra miúda formando un túmulo. As agrupacións tumulares máis próximas a nosa cidade sitúanse sobre os planaltos das serras circundantes.

Unha grande cantidade de mámoas sobreviven na actualidade pese ás intensas profanacións e destrucións sufridas ao longo dos tempos e incluso en datas moi recentes polos motivos máis diversos. Entre os conxuntos máis importantes destacan o de Monte Penide, Montes de Candeán e A Madroa, Alto de San Cosme, Alto de San Colmado e o Rebullón, Cotogrande, ...etc.

Unha das mámoas máis grandes e interesantes deste conxunto é a de **Casa dos Mouros**. Situada a 322 metros sobre o nivel do mar ten unhas dimensións de 22,65 m (eixo N/S) por 20 m (eixo E/O) e unha altura máxima de 1,25 m. Ten un burato ou cono de violación feito por furtivos de 6x9 m.

Conserva 8 lousas do que formaría o dolmen, 5 de grandes dimensións tendo algún deles máis de 2 m. Conserva tamén a lousa de cuberta, pero caída cara ao exterior.



**Mámoa de  
Casa dos  
Mouros**

## construíndo unha cidade

### Vigo na Antigüidade

A maior concentración de túmulos do concello está na parroquia de Candeán, un conxunto de 18 mámoas de dimensións e características variadas, situadas nos montes do Vixiador e a Madroa. Son as necrópoles megalíticas de Costa Freiría, Ferradouro, Chan dos Touciños, Chan do Labrador, Casa dos Mouros e Mámoa do Vixiador.

Conserva 8 lousas do que formaría o dolmen, 5 de grandes dimensións tendo algún deles máis de 2 m. Conserva tamén a lousa de cuberta, pero caída cara ao exterior.

Pero será na Idade dos Metais (dividida en Idade do Cobre, Bronce e Ferro) cando constatemos sociedades máis evolucionadas, xerárquicas e militarizadas como denota a gran cantidade de achádegos de pezas de cobre, bronce e ferro, tales coma espadas, cascos, machadas, puntas de lanzas, etc.

No Calcolítico ou Idade do Cobre (2.200-1.800 a.C.) o cambio vaise detectar na presenza das cerámicas campaniformes, na aparición dos petroglifos, nun novo tipo de enterramento individual (as cistas) e nos utensilios de metal (machadas, alabardas, puñais e puntas de frecha ou xabalina, todo en cobre, así como pezas de ouro e prata).

Deste período é o xacemento do Folón, en Coruxo, un

conxunto de cavidades enlazadas sucesivamente entre os bolos graníticos, por onde discurre subteraneamente o regato do Folón ao longo de 100 m. Nela se teñen atopado restos arqueolóxicos que chegan ata o mundo tardorromano.

Os investigadores cren que este xacemento non pode ser un lugar habitacional polo tortuoso do seu acceso, a súa pouca insolación e polas súas condicións interiores, con cavidades exiguas e moita humidade. Polo tanto pénsase que é un lugar de culto, simbólico, ceais relacionado co mundo funerario.


## **PETROGLIFOS**

A finais do Calcolítico e nos inicios do Bronce desenvólvese unha das manifestacións artísticas máis singulares da prehistoria: os gravados rupestres ao aire libre, chamados comunmente petroglifos.

Trátase de gravados feitos pola man do home sobre as rochas con obxectos punzantes e xeralmente situados nas ladeiras dos montes, en pequenos esporóns dos mesmos ou nalgún outeiro. Son representacións esquemáticas e abstractas de diferentes motivos de difícil interpretación: cervos, cazoletas, armas, círculos concéntricos...

## construíndo unha cidade

Vigo na Antigüidade



### Petroglifo de Fragoselo

Composto por unha trintena de combinacións de círculos concéntricos -un deles de máis dun metro de diámetro-, coviñas e podomorfos, representacións de formas que semellan pegadas de animais.

Está situado sobre unha rocha convexa cunhas dimensións norte/sur de 17 m e este/oeste de 7,5 m. Un gran suco percorre a pedra de norte a sur polo seu centro.

A interpretación do significado destes motivos resulta moi difícil. O primeiro investigador deste petroglifo foi Luís Monteagudo que o deu a coñecer en 1943 interpretando os gravados como un posible mapa de situación da zona.

(fonte/debuxo: Costas Goberna, F.J.)

Existen numerosas interpretacións en torno a eles, dende a relixiosa ata a bélica, coas representacións de armas similares ás que aparecen nalgúns enterramentos. Outras teorías apuntan a que teñen unha clara interacción coa paisaxe pola súa situación, xa que ben poderían ser sinais ou marcas dun determinado territorio que o identificaba.

Dentro dos lindes do Concello de Vigo atópanse arredor



dun cento de gravados, coa maior concentración dos mesmos na parroquia de Coruxo onde se atopa o Petroglifo de Pedra Moura.

Na Idade do Bronce (1.800-600 a.C.) a base da economía foi a agricultura xunto coa gandería, complementada coa recolección de froitos, e coa pesca e o marisqueo, igual que na etapa anterior, pero a diferenza da etapa anterior, a metalurxia do bronce e do ouro debeu de xogar un importante papel, incluso a nivel de comercio internacional. En canto ás pezas de bronce apréciase unha maior cantidade de armas e moito máis perfeccionadas (machado de talón-tope, puntas de lanza, ...).

Apenas existen datos sobre os asentamentos deste período, polo que pouco sabemos das súas contrucións que deben ser moi parecidas ás de etapas anteriores.

## **AS VIVENDAS CASTREXAS**

A finais do Bronce xurde unha nova cultura que se desenvolve plenamente na Idade do Ferro (s. VII-I a.C.): a chamada Cultura Castrexa.

As fontes coas que contamos para o seu estudo xa non son unicamente arqueolóxicas, sénon tamén literarias.

## construíndo unha cidade

### Vigo na Antigüidade

As primeiras casas castrexas eran de palla e barro e entre os séculos III-II a.C. comezan a ser de pedra e circulares. No século I a.C. ás casas circulares engádeselles un vestíbulo, no que se situaba nalgúns castros o forno para cocer o pan. No centro da vivenda colocábase a lareira, feita con pedras planas ou barro pisado e á súa beira, fronte á porta, situábase a modo de paraventos unha pedra. A carón da lareira aparece ás veces un furado que tradicionalmente se ten interpretado como o lugar onde iría un poste central para soste o teito, pero as investigacións máis recentes cren que serviría para espetar un poste do que penduraría a gramalleira para o pote.

O piso era normalmente de barro, os teitos de colmo ou outro elemento vexetal, posiblemente reforzado con barro, cecais con forma cónica ou a dúas augas. Posiblemente carecesen de fiestra, e a porta non estaría ao nivel do chan, senón un pouco máis elevada, polo que se accedería ao interior cunha escala. Con isto lograríase ter unha temperatura ambiente máis estable.



**Vivenda  
castrexa**

Nesta etapa apreciamos asentamentos fixos en diversas zonas da comarca de Vigo, nos que xa se emprega a pedra na construción de vivendas e dos recintos amurallados. Concretamente chegaronse a erguer máis de 20 poboados ou aldeas fortificadas, todas elas ubicadas en emprazamentos altos, cunha boa visibilidade do seu entorno (outeiros orientados ao poñente) e dotados dunha peculiar fortificación cun complexo sistema de foxos, parapetos, terrapléns e murallas de grandes dimensións que circundan o recinto, e con terras de cultivo nas súas inmediacións, xa que esta sociedade castrexa adicábase preferentemente á agricultura.

Aínda que parece que os castros tiñan un urbanismo anárquico, o certo é que as vivendas se agrupaban en torno a unhas unidades familiares de produción e de consumo, é dicir, unha vivenda arredor da cal se distribuían alpendres, silos e cortes. Tamén contaban con rúas e áreas enlousadas, e moitos castros con rampas ou escaleiras de acceso, e para abastecerse de auga, alxibes e cisternas aos que se accedía por amplas escaleiras.

## **A VIVENDA ROMANA**

A chegada do mundo romano ao noroeste da Península Ibérica traerá consigo unha serie de transformacións no mundo castrexo que se farán efectivas de maneira lenta, pero que paulatinamente cambiarán o carácter desta cultura. Este proceso de romanización será o que transforme esta cultura Castrexa e de paso a unha nova: a cultura Galaico-Romana.

Tras a conquista romana de Galicia no século I a.C., os castros non desapareceron e permanecen habitados, apreciándose neles un incipiente urbanismo na súa organización arquitectónica: así nos atopamos con conxuntos de construcións claramente agrupadas e delimitadas no interior do castro por pequenos muros que as aíllan do resto, rúas regularizadas, redes de desagadoiros e canalizacións.

## **VIGO. CIDADE ROMANA**


A mediados do s. I a.C. moita da xente que habitaba no Castro de Vigo pasa a desplazarse ao val para asentarse xunto a unha poboación foránea chegada doutros puntos do Imperio, configurando así o vicus galaico-romano (aldea sen fortificar). Tamén será nesta época cando

aparecen na costa as "villae romanas", residencias de luxo ao tempo que centro de explotación, xunto coas primeiras "factorías de salgadura de peixe" do litoral do Areal.

A vivenda romana caracterízase pola xeralización do uso do cachote (granito e xisto) e cantería para as xambas e listeis das portas de acceso.

De formas cadrangulares, rectangulares ou elípticas, contaban con portas e ventás, pavimento enlousado, e cunha distribución interna máis complexa, cunha cociña de lareira ou de fogón e cubículos para dormir. Ademais podían ter calefacción, ben por lareiras ou por hipocaustos, e iluminación mediante paos de uz, lucernas ou candís.

Polo que respecta á cuberta, os tellados deixan de ser de palla e fanse con tellas de barro, de formas planas con dous rebordos nos seus extremos (tegulae) e cónicas (ímbrex). A colocación dos mesmos realizábase mediante a unión de dúas tegulae sobre as que se colocaba o ímbrex para selar o conxunto.



**Vivenda  
romana**

## **construíndo unha cidade**

### **Vigo na Antigüidade**

Os habitantes de vicus a través dun comercio a longa distancia, vía marítima, trouxeron produtos inexistentes ou pouco abundantes nela coma son viño, aceite, sal, mel e garum, xunto con vidros, moedas, cerámicas finas de mesa procedentes do norte de África e do mediterráneo oriental, lucernas de alumeado, cerámica común romana, tanto de cociña como de almacenaxe ou de transporte, etc.

Na cidade de Vigo téñense rexistrado nos últimos anos 23 lugares con restos arqueolóxicos romanos, vinculados na súa maioría ao mar. Estes restos proban un gran desenvolvemento portuario e comercial da cidade dende o século II a. C., acentuado nos séculos posteriores, e que ten como xacemento máis destacado o do Areal (no que se atopou unha necrópole, embarcadoiro, salinas e asentamento). O Areal convértese dende finais do século I d.C. no xerme da actual cidade ao abandonarse progresivamente o Castro de Vigo.

## **AS VILLAE ROMANAS. UNIDADES DE PRODUCCIÓN**

### **A vila romana de Toralla**

Típica do mundo romano é un tipo de vivenda coñecida como "villae", grandes residencias, sitas no medio rural

ou marítimo-costeiro, adicadas á explotación agrícola, gandeira e pesca. Estas residencias, propiedade de importantes persoeiros que dispoñían de servos e escravos, contaban con termas e decoracións lúxoxas en determinados cuartos con mosaicos e pinturas murais.

No Concello de Vigo e na súa área de influencia existen un número importante de vilas, como a de Toralla, a de Alcabre -Praia do Cocho e Fiunchal-, Teis -Ríos-, Oia -Sobreira- e xa noutro lado da ría, en Bueu, etc., que demostran unha importante densidade poboacional na época romana sen dúbida favorecida pola fácil explotación dos recursos mariños e o desenvolvemento do comercio.



planta da vila  
romana de Toralla

## **construíndo unha cidade**

### Vigo na Antigüidade

A vila romana de Toralla é unha casa de campo, de corredor, formada por dous conxuntos de edificacións ben diferenciados que abarcan unha área de case 1.500m<sup>2</sup>: unha zona de traballo e outra residencial. A súa cronoloxía abrangue dende o século III ao VII d. C. A zona residencial era unha construción de planta rectangular cun longo corredor a partir do cal se distribúen as estancias: unha sala de maiores dimensións que corresponde a un salón ao que se accedía dende o interior, polo corredor; dúas estancias máis pequenas e con acceso dende o exterior, que segundo os restos, interprétanse como un almacén e unha cociña, pois nesta última identificáronse dúas lareiras.



Esta era a zona máis lúsoxa da vivenda, onde vivía o señor e a súa familia, que gozaba dunha serie de servizos como termas, das cales conservamos o hipocausto e parte dun mosaico, do que se recuperaron pequenos fragmentos que permiten observar figuracións de tipo vexetal e outras de tipo xeométrico -como grecas-, que enmarcarían o conxunto.



Un hipocausto é un sistema de calefacción empregado nas construcións romanas de certa importancia, consistente na creación dunha estrutura de reducida altura, de canles e corredores baixo o chan do cuarto -suspensurae-, sustentada por columniñas de pedra ou pilastras de ladrillos, para que o aire quente circulase por debaixo das estancias da casa. Este aire -e mesmo a auga- quentábase en fogares -prae-furnium- no subsolo dun cuarto veciño, para o que tiñan que manterse vivos de forma permanente. Mesmo se lograba que este aire quente subise polas paredes mediante a utilización de ladrillos ocos.

A función da sala quentada con este sistema sería a de baños ou termas. Considérase que esta sala estaría formada por unha estancia para o baño quente e sería a máis próxima ao prae-furnium, denominada caldarium. De seguido, estaría unha sala de paso, con temperatura máis morna -tepidarium- e finalmente unha sala fría, a máis alonxada do fogar ou frigidarium.

O hipocausto hoxe (dereita) e reconstrución hipotética (esquerda)



**Hipocausto**

## construíndo unha cidade Vigo na Antigüidade

proceso de construción  
dunha vía romana



### **URBANISMO: AS VÍAS ROMANAS. AS CIDADES**

Ao longo de todo o mundo romano construíronse innumerables vías de comunicación para vertebralo. Primeiro servíanlle para introducirse en diferentes rexións para a súa conquista, e logo ao longo das mesmas comezaron a construír as primeiras cidades de Galicia.

Todas elas estaban inzadas de elementos como os que se poden observar en calquera estrada galega hoxe: os miliarios, marcos en pedra que indicaban a vía, o emperador que mandou facela ou reparala, a distancia en millas á cidade máis importante; mansións, estacións via-

rias para descanso e cambio de postas; e pontes, cecais as mostras máis señoiras da obra pública romana.

Polo que respecta ás cidades romanas, estas podían ser de nova creación, sendo a súa orixe un campamento militar, construído para a conquista da rexión circundante; ou ben aproveitando os poboados indíxenas. Pero todas elas mantiñan un mesmo esquema: un eixo de norte a sur, coñecido como cardo; e outro de leste a oeste ou decumanus.

As cidades máis importantes, estaban atravesadas por unha rede de condución de augas con acueducto, así como de cloacas. Asimesmo, contaba con diferentes edificios de carácter público como termas (lugar público de baño e de reunión, o equivalente hoxe ao casino ou clube), teatro, anfiteatro (unha creación tipicamente romana, nel desenvolvíase un dos espectáculos de multitudes máis típicos da vida romana: as loitas de gladiadores ou con feras), circo (edificio para espectáculos de multitudes destinado ás carreras de carros lixeiros), espazos públicos como xardíns e o foro, o centro urbano tanto político como comercial, e en moitos casos relixioso, así como lugar de encontro e paseo dos seus habitantes.

## construíndo unha cidade

### Vigo na Antigüidade


A rúa ten unhas dimensións de 5 m de longo por 2,5 m de ancho. Para a súa construción utilizaron como base o substrato natural (é dicir, a rocha en descomposición) que preparaban mediante o seu apisoamento e endurecemento. Sobre esta capa engadiron area grosa e cachotes, e finalmente cantiños moi miúdos de cuarzo e cuarcita, formando o empedrado.

O paso dos séculos alterou o estado orixinal da rúa. Se observamos con coidado a mesma apreciamos que no centro a penas quedan cantiños, que se foron perdendo polo uso cotián durante a época romana de persoas e carros, dos que se conservan nalgún tramo as bandas de rodadura. O seu abandono fixo que a acción natural e humana a deteriorasen ata o estado actual. Aconteceu o mesmo que se hoxe deixasemos de reasfaltar e conservar unha rúa da cidade, abandonándoa ao paso do tempo.

O muro que se conserva no lado sur do pavimento, posiblemente pertenza a unha edificación tamén romana que se construíu con anterioridade á rúa. Sobre este muro, composto de pedras planas e regulares dispostas horizontalmente, construíuse séculos despois outro de pedras de maior tamaño e forma cúbica, dispostas de xeito irregular sobre a construción romana.

Se nos fixamos detidamente no lado sueste do muro, podemos apreciar que unha das pedras á beira do pavimento presenta o que podería ser un relevo decorativo formado por tres cadrados. Esta pedra permitiu aos arqueólogos identificar o muro romano.

## Calzada romana



## **A calzada romana do Casco Vello.**

No ano 2000 un equipo de arqueólogos realiza unha intervención arqueolóxica no actual edificio do Centro Cívico do Casco Vello, descubriendo os restos dunha calzada de época romana dos séculos III-IV d. C.

En 1991 comezou a escavarse o que hoxe se coñece como xacemento romano medieval do "Casco Vello". Dende esa data ata a actualidade documentáronse unha serie de datos arqueolóxicos suficientemente representativos (a rúa é un máis) que confirmaron a existencia dun asentamento de época romana no barrio histórico de Vigo.

## **ADIANTOS DA ROMANIZACIÓN**


Unha das grandes aportacións da cultura romana foi a de desenvolver unha arquitectura de carácter civil única, fundamentada na practicidade e utilidade.

A arquitectura romana foi máis complexa que a súa predecesora, a grega, innovando en materiais e técnicas construtivas: crean o arco, a bóveda e a cúpula, que combinados permiten maior complexidade ás construcións, cubríndose grandes espazos sen que sexa preciso o apoio de columnas ou pilastras.

## **construíndo unha cidade**

### Vigo na Antigüidade

Polo que respecta aos materiais, as súas grandes innovacións foron o emprego do formigón e o ladrillo cocido. O formigón resultaba moi económico, porque eliminaba o traballo de labra da pedra, rápido á hora de construír, que permitía o uso do arco e a bóveda, e por tanto de grande utilidade para a realización de obras públicas, como canles, portos, murallas, etc.







## FICHA 1. AS MÁMOAS

Estes enterramentos estaban formados por cámaras funerarias feitas con grandes pedras verticais chantadas na terra e tapadas cunha laxe a xeito de cuberta que reciben o nome de dolmen. O dolmen cubríase con terra e pedra miúda ata aparecer no terreo unha elevación chamada mámoa. As agrupación de mámoas situábanse nos planaltos da serras.

A maior concentración de túmulos do concello de Vigo está na parroquia de Candeán, onde están localizadas 18 mámoas nos montes do Vixiador e a Madroa.

Unha das mámoas máis grandes e interesantes deste conxunto é a de **Casa dos Mouros**. Situada a 322 metros sobre o nivel do mar ten unhas dimensións de 22,65 m (eixo N/S) por 20 m (eixo E/O) e unha altura máxima de 1,25 m. Ten un burato ou cono de violación feito por furtivos de 6x9 m.

Conserva 8 lousas do que formaría o dolmen, 5 de grandes dimensións tendo algún deles máis de 2 m. Conserva tamén a lousa de cuberta, pero caída cara ao exterior.

Coñeces algún outro tipo de enterramento antigo? Cita algún e situao xeograficamente. Por que cres que as mámoas eran situadas en lugares elevados? Como cres que as construían?

### Actividade

Documenta os distintos lugares da cidade nos que se atopan agrupacións de mámoas.



**Mámoa de  
Casa dos  
Mouros**



## **FICHA 2. A VIVENDA CASTREXA E ROMANA**

As primeiras casas castrexas eran de palla e barro e entre os séculos III-II a.C. comezan a ser de pedra e circulares. No século I a.C. ás casas circulares engádeselles un vestíbulo, no que se situaba nalgúns castros o forno para cocer o pan. No centro da vivenda colocábase a lareira, feita con pedras planas ou barro pisado e á súa beira, fronte á porta, situábase a modo de paraventos unha pedra. A carón da lareira aparece ás veces un furado que tradicionalmente se ten interpretado como o lugar onde iría un poste central para soste o teito, pero as investigacións máis recentes cren que serviría para espetar un poste do que penduraría a gramalleira para o pote.


O piso era normalmente de barro, os teitos de colmo ou outro elemento vexetal, posiblemente reforzado con barro, cecais con forma cónica ou a dúas augas. Posiblemente carecesen de fiestra, e a porta non estaría ao nivel do chan, senón un pouco máis elevada, polo que se accedería ao interior cunha escala. Con isto lograríase ter unha temperatura ambiente máis estable.



**Vivenda  
castrexa**

## construíndo unha cidade

Vigo na Antigüidade  
FICHAS DIDÁCTICAS



A vivenda romana caracterízase pola xeneralización do uso do cachote (granito e xisto) e cantería para as xambas e listeis das portas de acceso.

De formas cadrangulares, rectangulares ou elípticas, contaban con portas e ventás, pavimento enlousado, e cunha distribución interna máis complexa, cunha cociña de lareira ou de fogón e cubículos para dormir. Ademais podían ter calefacción, ben por lareiras ou por hipocaustos, e iluminación mediante paos de uz, lucernas ou candís.

Polo que respecta á cuberta, os tellados deixan de ser de palla e fanse con tellas de barro, de formas planas con dous rebordos nos seus extremos (tegulae) e cónicas (ímbrex). A colocación dos mesmos realizábase mediante a unión de dúas tegulae sobre as que se colocaba o ímbrex para selar o conxunto.

Cres que as vivendas romanizadas supoñían melloras na calidade de vida fronte ás castrexas?

### Vivenda romana

#### Actividade

Busca nos cómics de Astérix datos sobre os modos de vida nos territorios romanizados. Na Residencia dos Deuses aparecen os planos detallados dun complexo de vivendas romanas. Sinala as diferencias que aparecen entre a forma de vida romana e a dos habitantes dos territorios conquistados por eles.



### **FICHA 3. AS CALZADAS ROMANAS**

Os romanos construíron vías de comunicación para a conquista de novos territorios e a vertebración posterior do mesmo. Aínda que a sona de ter construído pontes e acueductos é a que máis nos chega, o proceso de construción dunha calzada demostra o grao de especialización que acadaron.

O fragmento de calzada romana do casco vello que se conserva ten unhas dimensións de 5 m de longo por 2,5 m de ancho. Para a súa construción utilizaron como base o substrato natural (é dicir, a rocha en descomposición) que preparaban mediante o seu apisoamento e endurecemento. Sobre esta capa engadiron area grosa e cachotes, e finalmente cantiños moi miúdos de cuarzo e cuarcita, formando o empedrado.

## construíndo unha cidade

Vigo na Antigüidade  
FICHAS DIDÁCTICAS

O paso dos séculos alterou o estado orixinal da rúa. Se observamos con coidado a mesma apreciamos que no centro a penas quedan cantiños, que se foron perdendo polo uso cotián durante a época romana de persoas e carros, dos que se conservan nalgún tramo as bandas de rodadura.

Se nos fixamos detidamente no lado sueste do muro, podemos apreciar que unha das pedras á beira do pavimento presenta o que podería ser un relevo decorativo formado por tres cadrados de orixe romano.

### Actividade

O nivel de sofisticación das construcións romanas era tal que as calzadas chegaban a ter moitos máis elementos que esta que apareceu en Vigo. Documenta esta afirmación e busca as similitudes e diferencias á hora de trazar unha vía na antigüidade e nos nosos días.

